

PROPOÑÉMOSCHE UN RETO COMO CENTRO EDUCATIVO

O obxectivo é construír un PUNTO DE ENCONTRO E EMERXENCIA (PEE) que brinde seguridade e luz en tempos de emerxencia e onde a educación sexa a protagonista.

Este punto terá como obxectivo dar visibilidade en grande o dereito humano á educación, así como todas as reflexións que se traballaron nas diferentes etapas educativas a través de lanternas, que atoparedes nos anexos das unidades didácticas.

PRIMEIRO PASO: ESCOLLER UN ESPAZO NO CENTRO ➔

Seguro que xa existe un PEE oficial para emerxencias no voso centro educativo. Se é así, buscaredes outro espazo para non confundir o alumnado.

Pode ser a entrada do centro, un recuncho que ten moito significado para o alumnado e o profesorado ou para o propio centro, un espazo de paso moi visitado por familias ou outro lugar que consideredes apropiado para poñer en valor as aprendizaxes da SAME 2025.

SEGUNDO PASO: DECORAR O ESPAZO ➔

Cómpre atopar unha estrutura (por exemplo, un colgadoiro, tendal, unha caixa de cartón) para darlle visibilidade á educación como elemento de protección e seguridade que representan as lanternas. As lanternas sairán da palabra «educación» enfocando cara a fóra. Pódense encher ou poñer directamente as que se traballaron nas diferentes sesións.

Deixámosvos un debuxo para reflectir a nosa idea (Anexo 1). É só unha idea. Se se che ocorre outra forma de representación, adiante!

Xa preparamos o noso PEE antes de recibir o alumnado e expresar con el as reflexións traballadas na unidade didáctica. Agora só queda un último paso.

TERCEIRO PASO: COLOCAR OS CARTEIS E AS LANTERNAS ➔

Colocaremos os distintos sinais de emerxencia na estrutura onde se atopa o cartel coa palabra **«educación».**

• **Carteis de emerxencias.** En forma de sinais de emerxencia. Neles, reflectiranse as diferentes crises e emerxencias que estamos a vivir a nivel mundial: recrutamento como nenos e nenas soldado, a explotación sexual infantil, a trata ou o matrimonio infantil, así como situacións de desprazamento forzados, emerxencias de saúde pública (epidemias, pandemias), desastres naturais (secas, inundacións, terremotos, tifóns, furacáns, fenómenos do El Niño), cambio climático, violencia, conflitos armados, crises esquecidas, fames e pobreza. Símbolo das mulleres: As consecuencias desta situación agrávanse para as nenas e as mulleres).

Poderedes atopar estes carteis no anexo xa deseñados. (Anexo 2)

• **Lanternas.** Aparecerán as reflexións traballadas durante a SAME sobre as ferramentas que proporciona a educación en situacións tan complexas como as vividas en crises e emerxencias. Cada grupo de alumnado visitará o PEE para colocar as súas reflexións. Dependendo da estrutura escollida, pegaranse ou colgaranse.


➔ CANDO REMATEMOS DE COMPLETAR TODAS AS REFLEXIÓNS, TAMÉN POÑEREMOS NO NOSO PPE UN CARTEL NO QUE ESTEA ESCRITO «NON DEIXAR NINGUÉN ATRÁS». .

Non podemos esquecer que a educación é un dereito humano para todas as persoas en todo o mundo, e debemos traballar para que non sexa vulnerado.

Como peche, deixámosvos tamén unha pequena reflexión cunha mensaxe esperanzadora que pode axudarnos a concluír a nosa dinámica co alumnado. (Anexo 3). Recomendamos a súa lectura para os cursos de educación superior.
No caso de que se dispoña de tempo noutras áreas, as lanternas poderían ser construídas con cartón ou outros materiais na aula de plástica ou tecnoloxía.

PUNTO DE ENCONTRO E EMERXENCIA

NON DEIXAR A NINGUÉN ATRÁS



→ ESTA SITUACIÓN AGRÁVASE EN NENAS E MULLERES ←

Con a financiación de:

Cooperación Española

Campaña Mundial pola EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

ANEXO 1

NON DEIXAR NINGUÉN ATRÁS

EDUCACIÓN


CRISES
ESQUECIDAS


SAÚDE
PÚBLICA


VIOLENCIA
E GUERRAS


EXPLOTACIÓN
INFANTIL


CAMBIO
CLIMÁTICO


DESASTRES
NATURAIS


POBREZA E
FAMES


DESPRAZAMENTO
FORZADOS

ANEXO 2

REFLEXIÓN FINAL

En tempos de emerxencias, crises humanitarias, climáticas, sanitarias, movementos migratorios forzados, etc., todo se torna especialmente escuro. A incerteza e o caos reinan nas comunidades e a educación faise máis necesaria ca nunca. En situacións de emerxencias, a educación convértese nunha luz que pode iluminar os camiños cara á esperanza e á recuperación. A educación non só é un dereito fundamental que debemos protexer, senón tamén unha ferramenta esencial para a resiliencia das sociedades e a consecución da xustiza social.

Cando aparecen as tebras que trae consigo unha emerxencia, a educación pode proporcionar refuxio e habilidades, información e confianza, o que permite que as persoas non só sobrevivan a desastres, senón tamén que se poidan preparar para que o futuro sexa mellor.

A educación non é só un mero transmisor de coñecementos prácticos que nos permiten responder ante situacións de crise, senón tamén unha estrutura capaz de transmitir grandes valores como a solidariedade, o traballo en equipo e a paz. A lanterna non só representa a luz dos coñecementos adquiridos, senón que se alza coma un faro coa capacidade de guiar as comunidades cara á estabilidade, a paz e o desenvolvemento.

Ademais, os programas educativos adaptados ás circunstancias de emerxencia poden transformar a dor das persoas en aprendizaxe e a perda en crecemento. A educación en tempos de emerxencia é máis necesaria que nunca para a recuperación a medio e longo prazo. Un sistema educativo adecuado pode axudar a reconstruír a infraestrutura social e económica, permitindo que as comunidades emerxan máis fortes e unidas.

Acender a educación en tempos de emerxencia significa darlle prioridade ao acceso ao coñecemento e á formación, xerar espazos de apoio psicosocial, mesmo en situacións adversas. Así como unha lanterna ofrece luz na escuridade, a educación ofrece claridade no caos. Ao poñer o foco no ensino e na aprendizaxe, apágase o medo e a desesperanza, e emerxen novas posibilidades.

A EDUCACIÓN É O FARO QUE NOS GUÍA CARA A UN FUTURO MELLOR.

ANEXO 3

AUTORIZACIÓN

RECORDAD QUE para poder publicar y compartir las imágenes, vídeos u otros materiales donde aparece el alumnado de vuestro centro educativo es imprescindible contar con los **permisos adecuados** de sus madres/padres/tutores o representantes legales conforme son conocedores de que las imágenes serán difundidas por la Campaña Mundial por la Educación a través de sus redes sociales y a través de los canales de las entidades asociadas a la campaña.

Para poder difundir y alzar vuestras voces desde las cuentas en RRSS de la Campaña Mundial por la Educación (Facebook, Instagram, Twitter, Flickair, la página web u los medios de comunicación) dedicadas a la difusión de la SAME y la lucha por el cumplimento del ODS 4, como meta principal, os animamos a:

Compartir los materiales y fotos en la web y/o RRSS de vuestros centros y espacios educativos, etiquetando a la CME España (abajo el listado de las cuentas de la CME). Así desde la CME España podremos darle mayor difusión y llegar así a más ciudadanía.

También podéis compartirlo con la CME España enviando el material a **comunicacion@cme-espana.org.**
En el correo os pedimos que incluyáis la información básica:

• El nombre de centro/espacio educativo:

• Quienes han participado (Grado/Grupo/Clase):

• Fecha y el lugar (localidad, municipio, CCAA):

Importante, en el correo por favor, incluid el siguiente párrafo:

"[ENTIDAD], como participante de las actividades realizadas en el marco de la Campaña Mundial por la Educación autoriza el tratamiento de las imágenes y cede los derechos de explotación de las mismas a las entidades que integran la Campaña Mundial por la Educación (CME) que se compartan a través de este correo. La finalidad del tratamiento es dar a conocer o promocionar la CME, así como hacer difusión de la imagen, la voz y los materiales de los participantes a través de cualquiera de los medios o canales de comunicación de las entidades que integran la CME. Puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición u otros por correo electrónico a dataprotection@educo.org y consultar la política de privacidad en https://cme-espana.org/politica-de-privacidad /. La [ENTIDAD] garantiza que cuenta con los permisos pertinentes de las madres/padres/tutores/representantes legales de las niñas, niños y adolescentes objeto del tratamiento de datos personales e imágenes para su cesión a las entidades miembro de la CME."

He leído y acepto. Firma y sello: .....



Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

Co financiamento de:

Cooperación Española